

INTERVENCIÓN DE PABLO LÓPEZ VIDAL NO DEBATE DE TOMA EN CONSIDERACIÓN DO PROXECTO DE LEI DE DEREITO CIVIL DE GALICIA (28-12-05)

Señoras deputadas e señores deputados, di o profesor Luís Díaz Picazo que o dereito civil se define como o sector do ordenamento xurídico que se ocupa da persoa e dos seus diferentes estados, do seu patrimonio e do tráfico dos seus bens. Tamén fala dos dereitos civís forais ou especiais, ata o de agora así denominados, e exprésase dicindo que son unha peculiaridade do noso país en materia xurídico-privada; sinala que son unha coexistencia harmónica e pacífica de ordenamentos xurídicos diferentes, e esta singularidade é unha riqueza do noso acervo normativo.

En canto ao dereito civil de Galicia, a pesar de que nisto tamén houbo, como en todo –e está ben que a haxa–, certa controversia, podemos afirmar que o noso país sempre tivo un dereito civil propio, con institucións peculiares, distintas das que regulaba o Código civil estatal. Isto é constatable –e eu quero seguir ao profesor Rebolledo Varela nesta materia–; constátase a existencia, no noso territorio, dun dereito peculiar, autóctono e privativo, que quere dar resposta xurídica ás necesidades sociais do noso pobo.

Sen entrar a valorar os múltiples e variados antecedentes –que aquí algúns xa se expuxeron– sobre esta cuestión que nos ocupa, e seguindo tamén ao profesor Rodríguez Montero, apróbase neste Parlamento, nesta sede da soberanía popular, a Lei 4/1995, do 24 de maio, do dereito civil de Galicia. Isto supuxo, señorías, un feito histórico e determinante na conformación dos vieiros xurídico-civís da nosa Comunidade Autónoma, por tres razóns fundamentais: a

primeira, porque significou unha primeira norma codificadora civil ditada no exercicio dunha potestade lexislativa propia, que ata o de agora, por moito tempo, non tivemos; a segunda, pola posibilidade que incorpora de realizar autoorganización do denominado dereito civil de Galicia; e a terceira, por constituír o dereito común aplicable no noso territorio, é dicir, en Galicia. Esta lei, señorías, supón –xa o supuxo daquela e segue a supoñelo na actualidade– un punto de inflexión extraordinariamente significativo nun proceso a todas luces inacabado. Establece un marco normativo referencial do ordenamento xurídico civil galego e, ao mesmo tempo, é unha luz dunha nova etapa cuxas perspectivas de futuro son realmente esperanzadoras.

¿Cal é o futuro que se albisca? Temos que ser ambiciosos e desde aquí quero felicitar o anuncio feito polo señor conselleiro de Presidencia de retomar os traballos desa comisión que tan ben viña funcionando ata o de agora. ¿Para que? Porque temos no horizonte un corpo xurídico propio do noso país, deste país emprendedor e que sempre mira de cara ao futuro, e está nese horizonte conformar un código de dereito civil propio de Galicia, o Código civil de Galicia. Debemos aspirar a conformar un sistema de regras xurídicas organicamente subordinadas e coordinadas con pretensións de xeneralidade e plenitude; un código civil que recolla e regule as relacións da vida xurídico-privada, no que se agrupe a lexislación amplamente existente na actualidade: familia, aspectos relacionados co fenómeno da emigración, fundacións, asociacións, concentración parcelaria, parcerías, arrendamentos históricos, etc.; un código que sexa unha porta aberta ao futuro normativo deste país, que o ten e moito.

Todos somos conscientes de que o unilateralismo co que naceu o Código civil, hoxe en día, está a piques de pasar á historia. O noso ordenamento xurídico caracterízase, na actualidade, nesta nosa España plural, polo policentrismo normativo; así se artella no título VIII da Constitución española –aquí tamén citada–, que consagra a anovación dos dereitos forais, que pasaron a converterse en normas autonómicas. Estamos na senda de conseguir un ordenamento xurídico máis rico, heteroxéneo e que recolla, realmente, as expectativas, os desexos e os dereitos de diferentes comunidades que conforman o noso país. Este é o gran reto, señorías, que temos por diante.

A Proposición de lei –que hoxe tomamos en consideración– para a reforma da Lei do dereito civil de Galicia nace ao abeiro do disposto na disposición adicional segunda da Lei 4/95. Esta disposición adicional mandata a Mesa do Parlamento a designar unha ponencia que revise este texto normativo. Niso andamos agora e andamos antes, só incumprimos unha cousa: o prazo dos cinco anos. Aquí creo que todos temos que darnos golpes de peito e entoar o *mea culpa*, pero, como sempre, uns máis que outros, que tiveron máis responsabilidade. Pasaron dez anos, antes non foi posible; debemos tomar nota, agora ten que ser.

Esta norma nace, como se explicita na súa exposición de motivos, como unha creación xenuína do pobo galego, froito da realidade social que nos toca vivir día a día. O artigo 27.4 do noso Estatuto de autonomía determina que o dereito civil galego só se poderá conservar, modificar e desenvolver, e isto é o que estamos chamados a facer. É unha norma que nace para regular a vida das persoas, que incide directamente nos seus dereitos persoais e patrimoniais

e na que se recolle o espírito co que se iniciou esta lexislatura. Quero recordar, señorías, o discurso de investidura do presidente da Xunta de Galicia, o señor Pérez Touriño. Nel falaba de proximidade, da política das persoas e para as persoas, dun Parlamento que legisla de cara aos cidadáns, tendo en conta as súas necesidades, as súas inquedanzas e os seus problemas. Se perdemos, señoras deputadas e señores deputados, este horizonte, isto que estamos a facer non tería ningún sentido.

Esta norma nace dunha ponencia conxunta dos tres grupos parlamentarios que conformamos esta Cámara galega e nace con moitos tópicos, con moitos estereotipos. Parece ser que era unha norma da Galicia rural, da Galicia profunda, da Galicia da boina –se me permiten a broma–. Pois non, nada máis lonxe diso. Estamos a falar de cuestións que lles afectan ás persoas e aos seus bens. Falamos de protección de menores, de adopción, de autotutela, de ausencia non declarada, da casa e da veciña, dos dereitos reais, das comunidades en materias de augas, dos muíños de herdeiros, das agras, dos vilares, do cómaro, do ribazo, do arró, das serventías, das servidumes de paso, do retracto de graciosa. Falamos tamén de contratos, arrendamentos rústicos, parcerías, do vitalicio, da compañía familiar galega, do réxime económico-familiar –cousa moi importante– e falamos tamén da sucesión por causa de morte. Todos estes son dereitos que inciden na vida diaria das persoas, que lles afectan directamente, dereitos singulares e específicos.

Coa toma en consideración desta proposición de lei que hoxe imos facer, aínda temos un longo camiño por percorrer. Nace dunha proposta conxunta

dos tres grupos parlamentarios que aínda pode ser mellorada, por certo, no trámite que a partir de hoxe se abre, que é o de emendas.

Quixera rematar facendo unha serie de agradecementos –aquí xa se fixeron algúns– ao traballo e á colaboración dos múltiples actores que participaron e colaboraron desinteresadamente neste texto normativo, distintos colectivos sociais e xurídicos do noso país que fixeron as súas valoracións e as súas achegas –unhas tivéronse en conta e outras non–; os servizos da Cámara, os letrados, os servizos administrativos, o servizo de biblioteca e documentación – que fixo, realmente, un traballo espectacular en canto á compilación de xurisprudencia nesta materia–; sobre todo, tamén, os membros da anterior ponencia, que comezou a traballar alá polo ano 2002 –algún deles xa foi citado persoalmente–; e –¿como non?– o poder executivo: o anterior Goberno, pola colaboración prestada, e o actual, por enunciar a iniciativa lexislativa e por entender que, nesta cuestión, o protagonista principal debería ser e vai ser o Parlamento, a sede da soberanía popular, este Parlamento, señorías, que queremos converter entre todos nunha fábrica de valores e nunha institución dinámica creadora de normas xurídicas que inciden e repercuten directamente na vida cotiá das persoas. Esta é a nosa tarefa e para isto depositaron os galegos e as galegas a súa confianza en nós.